



Federación Galega  
de Caza



Gabinete de Comunicación

## Álvaro Suárez Mera e Cristina Sanmartín Porca gañan en Mazaricos o Campionato Provincial de A Coruña de San Huberto

O pasado 10 de xullo tiña lugar no Tecor de Mazaricos o Campionato Provincial de A Coruña de San Huberto que organizaba a Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coa Sociedade de Caza “El Halcón” de Mazaricos.

En categoría masculina o gañador era Álvaro Suárez Mera con “Pul de Caaveiro” (SIM) que acadaba 54 puntos. Segundo no podio era Eloy Rodríguez Martínez con “Twist” (SIM) que acadaba 52 puntos, os mesmos que o terceiro clasificado, Rubén Boquete Varela, con seu can “Acio de Pasarín” (SIM).

Na categoría de damas era Cristina Sanmartín Porca a gañadora con “Fa da Chousa” (PH) que remataba a proba con 59 puntos. Segunda clasificada foi Nicolasa González Carrodegas con “Halo de Caaveiro” (DDH) que acadaba 54 puntos. O terceiro posto nesta categoría era para Sandra Rodríguez Rego con “Piti” (SIM) e 49 puntos.

Na categoría de springer o vencedor era Eloy Rodríguez Rego con “Unclesain de los Tres Robles” que acadaba 38 puntos.



Pos	Participante	Can (Raza/Sexo)	Puntos
1º	Álvaro Suárez Mera	Pul de Caaveiro (SIM)	54
2º	Eloy Rodríguez Martínez	Twist (SIM)	52
3º	Rubén Boquete Varela	Acio de Pasarín (SIM)	52
4º	Juan José Canosa Vigo	Zeta da Chousa (PH)	51
5º	Jaime Aneiros Leira	Samu (PM)	34

### Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>